

para nós mesmos, crendo que así nos aseguramos un futuro que non nos pertence. E volver a encontrar así a alegría do proxecto que Deus puxo na creación e no noso corazón, é dicir, amalo, amar aos nosos irmáns e ao mundo enteiro, e atopar neste amor a verdadeira felicidade.

Benqueridos irmáns e irmás, a «Coresma» do Fillo de Deus foi un entrar no *deserto* da creación para facer que volvese a ser aquel *xardín* da comunión con Deus que era antes do pecado orixinal (cf. Mc 1,12-13; Is 51,3). Que a nosa Coresma supoña percorrer este mesmo camiño, para levar tamén a esperanza de Cristo á creación, que «será da escravitude da corrupción para entrar na para ser levada á salvación gloriosa dos fillos de Deus» (Rm 8,21). Non deixe-

mos transcorrer en van este tempo favorable. Pidámoslle a Deus que nos axude a emprender un camiño de verdadeira conversión. Abandonemos o egoísmo, a mirada fixa en nós mesmos, e dixíramonos cara a Pascua de Xesús; fagámonos próximos dos nosos irmáns e irmás que pasan dificultades, compartindo con eles os nosos bens espirituais e materiais. Así, acollendo no concreto da nosa vida a vitoria de Cristo sobre o pecado e maila morte, atraeremos a súa forza transformadora tamén sobre a creación.

Vaticano, 4 de outubro de 2018  
Festa de san Francisco de Asís.

Franciscus



# MENSAXE DO SANTO PADRE **FRANCISCO** PARA A **CORESMA 2019**



## «A ESPERANZA VIVA DA CREACIÓN AGARDA ARELANTE A REVELACIÓN DOS FILLOS DE DEUS»

(Rm 8,19)

Cada ano, a través da Naigreja, Deus «concédelles aos seus fillos anhelar, co gozo de térmonos purificado, a solemnidade da Pascua, para que [...] pola celebración dos misterios que nos deron nova vida, cheguemos a ser con plenitude fillos de Deus (Prefacio I de Coresma). Deste xeito podemos camiñar, de Pascua en Pascua, ata o cumprimento daquela salvación que xa recibimos grazas ao misterio pascual de Cristo: «Pois é en esperanza como estamos

salvados» (Rm 8,24). Este misterio de salvación, que xa obra en nós durante a vida terrea, é un proceso dinámico que inclúe tamén á historia e a toda a creación. San Paulo chega a dicir: «A esperanza viva da creación agarda arelante a revelación dos fillos de Deus» (Rm 8,19). Dende esta perspectiva quero suxerir algúns puntos de reflexión, que acompañen o noso camiño de conversión na próxima Coresma.

### 1. A REDENCIÓN DA CREACIÓN

A celebración do Triduo Pascual da paixón, morte e resurrección de Cristo, cume do ano litúrxico, chámanos unha e outra vez a vivir un itinerario de preparación, conscientes de que ser conformes a Cristo (cf. Rm 8,29) é un don inestimable da misericordia de Deus.

Se o home vive coma fillo de Deus, se vive coma unha persoa redimida, que se deixa levar polo Espírito Santo (cf. Rm 8,14), e sabe recoñecer e poñer en práctica a lei de Deus, comezando pola que está inscrita no seu corazón e na natureza, *beneficia tamén á creación*, cooperando na súa re-

dención. Pos iso, a creación —si san Paulo— desexa ardentemente que se manifesten os fillos de Deus, é dicir, que cantos gozan da graza do misterio pascual de Xesús desfruten plenamente dos seus froitos, destinados a acadar a súa maduración completa na redención do mesmo corpo humano. Cando a caridade de Cristo transfigura a vida dos santos

## 2. A FORZA DESTRUTIVA DO PECADO

Efectivamente, cando non vivimos coma fillos de Deus, a miúdo temos comportamentos destrutivos cara o próximo e as demais criaturas —e tamén cara nós mesmos—, ao considerarmos, máis ou menos conscientemente, que os podemos usar coma nos praza. Entón, domina a intemperanza e iso leva a un estilo de vida que viola os límites que a nosa condición humana e a natureza nos piden respectar, e seguen os desexos incontrolables que no libro da Sabedoría son atribuídos aos impíos, é dicir, a quen non ten a Deus coma punto de referencia das súas accións, nin unha esperanza para o futuro (cf. 2,1-11). Se non anhelamos continuamente a Pascua, se non vivimos no horizonte da Resurrección, está claro que a lóxica do *todo xa*, do *ter*

—espírito, alma e corpo—, estes louvan a Deus e, coa oración, demostran de xeito admirable o «Cántico do irmán sol» de san Francisco de Asís (cf. *Laudato si'*, 87). Sen embargo, neste mundo a harmonía xerada pola redención está ameazada, hoxe e sempre, pola forza negativa do pecado e da morte.

*cada vez máis* acaba por se impor.

Como sabemos, a causa do mal é o pecado, que dende a súa aparición entre os homes interrompeu a comunión con Deus, cos demais e coa creación, á que estamos vinculados ante todo mediante o noso corpo. O feito de que se rompera a comunión con Deus, danou tamén a relación harmoniosa dos seres humanos co ambiente no que están chamados a vivir, de xeito que o xardín transformouse nun deserto (cf. Gn 3,17-18). Trátase do pecado que leva ao home a se considerar o deus da creación, a se sentir o seu dono absoluto e a non a usar para a fin desexada polo Creador, senón para o seu propio interese, en detrimento das criaturas e dos demais.

Cando se abandona a lei de

Deus, a lei do amor, acaba por triunfar a lei do máis forte sobre o máis débil. O pecado que aniña no corazón do home (cf. Mc 7,20-23) —e que se manifesta como avidez, afán por un benestar desmedido, desinterese polo ben dos demais e a miúdo tamén polo propio— leva á explotación da

## 3. A FUERZA REXENERADORA DO ARREPENTIMENTO E DO PERDÓN

Por iso, a creación ten a irrefreeable necesidade de que se manifesten os fillos de Deus, aqueles que se converteron nunha «nova creación»: «Quen estea en Cristo, é unha criatura nova: o que era vello, pasou» (2Co 5,17). Abofé, manifestándose, *tamén a creación pode «celebrar a Pascua»*: abrirse aos ceos novos e á terra nova (cf. Ap 21,1). E o camiño cara a Pascua chámamos precisamente a restaurar o noso rostro e o noso corazón de cristiáns, mediante o arrepentimento, a conversión e o perdón, para podermos vivir toda a riqueza da graza do misterio pascual.

Esta «impaciencia», esta expectativa da creación achará cumprimento cando se manifesten os fillos de Deus, é dicir, cando os cristiáns e tódolos homes emprendan con decisión o «traballo» que

creación, das persoas e do medio ambiente, segundo a avaricia insaciable que considera todo desexo como dereito e que antes ou despois acabará por destruír mesmo a quen vive baixo o seu dominio.

supón a conversión. Toda a creación está chamada a saír, canda nós, «da escravitude da corrupción para entrar na para ser levada á salvación gloriosa dos fillos de Deus» (Rm 8,21). A Coresma é signo sacramental desta conversión, é unha chamada aos cristiáns a encarnar máis intensa e concretamente o misterio pascual na súa vida persoal, familiar e social, en particular, mediante o xaxún, a oración e maila esmola.

*Xaxuar*, isto é, aprender a cambiar a nosa actitude cos demais e coas criaturas: da tentación de «devoralo» todo, para saciar a nosa avidez, á capacidades de sufrir por amor, que pode colmar o baleiro do noso corazón. *Orar* para saber renunciar á idolatría e á autosuficiencia do noso ego, e declararnos necesitados do Señor e da súa misericordia. *Dar esmola* para saír da necesidade de vivir e acumulalo todo